



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

DECANOS/DIRECTORES:

Araújo Nespereira, Pedro A.
Bustillo Bolado, Roberto
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Señorán, María del Mar
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pérez Abellás, Adolfo
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén

PDI-A:

Castro Cerceda M^a Luisa
Costas González Xosé Henrique
García Fontán Soledad
García Pino Antonio
García-Pintos Escuder Adela
González Santamaría Pedro
Meana Martínez Juan Carlos
Pérez Cota Manuel
Pou Saracho Juan María
Rivo López Elena

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Campanini Caffaro, Micaela
Fernández Alvarado, Hadrián
Fernández González, Brais
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alonso Carrera, Jaime
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Llamas Nistal Martín
Martínez Gómez, César Enrique
Martínez Rey, Adrián
Pillado González, Esther
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vallejo Pousada Rafael
Vaquero Díaz M^a Beatriz
Vázquez García, Celia

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 14 de outubro de 20, convocada para as 9:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala de Xuntas da reitoría.

O día **14 de outubro de 2014** ás 10:03 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de xullo de 2014.
2. Informe do reitor.
3. Información sobre a acreditación e seguimento de titulacións.
4. Aprobación, se procede, do informe favorable para a tramitación de propostas de modificación de titulacións de grao para o curso 15/16.
5. Aprobación, se procede, do informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 15/16.
6. Aprobación, se procede, do informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 15/16.
7. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2014.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo.
9. Aprobación se procede de modificación puntual do Plan de Internacionalización Lingüística.
10. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por D. Jose Óscar Rubiños López e outros contra o procedemento de elaboración do POD do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacóns.
11. Toma en consideración , se procede, do recurso presentado por Dna. Ana María Pita Grandal e outros contra do Acordo do Consello de Goberno do día 4 de xullo de 2014, polo que se modifica o art. 4 da Normativa de simultaneidade dos estudos ADE-Dereito. Toma en consideración, se procede, do recurso potestativo de reposición contra a inadmisión do recurso extraordinario de revisión do profesor D. Roberto Pereira Moreira.
12. Toma en consideración, se procede, do recurso potestativo de reposición contra a inadmisión do recurso extraordinario de revisión do profesor D. Roberto Pereira Moreira.

13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Interuniversitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Xeoinformática – Convenio de colaboración entre a *Universidad del País Vasco* e a Universidade de Vigo para a implantación do título de *Máster Interuniversitario en Ingeniería Térmica* – Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de Alumnos/as do Curso de Especialización en Investigación e Desenvolvemento en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física (Código EDC8) – Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de Alumnos/as do Curso de Especialización en Investigación e Desenvolvemento en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física (Código EDC8) – Convenio marco de colaboración entre a *Universidad de Costa Rica* e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Azuay* (Ecuador) – Convenio de colaboración entre o *Instituto Federal Fluminense* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Kristiania University College* (Noruega) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Fundação Universidade do Estado de Santa Catarina* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Fundação Universidade do Estado de Santa Catarina* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *National Institute Ofimmunology* (India) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *National Institute Ofimmunology* (India) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de México* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de México* para o intercambio de estudantes – Convenio xeral de cooperación científico, tecnolóxico e académico entre o *Centro de Investigación y de Estudios Avanzados del Instituto Politécnico Nacional* (México) e a Universidade de Vigo – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de México* de cooperación científica e tecnolóxica e para o desenvolvemento do parque de innovación tecnolóxica – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Simón Bolívar* (Venezuela) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Simón Bolívar* (Venezuela) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle Laguna* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle Laguna* (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Puerto Rico* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de Asunción* (Paraguay) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Nanjing Institute of Geology and Palaeontology, Chinese Academy of Sciences* (China) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Nanjing Institute of Geology and Palaeontology, Chinese Academy of Sciences* (China).
14. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI
15. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.
- Sector Estudantes: 1 vacante
16. Elección de representantes nas comisións delegadas de Consello de Goberno:
- Investigación: 1 PAS
17. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de xullo de 2014.

Indica o reitor que non foi presentada ningunha alegación á acta, polo que apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

a) Informa o reitor en primeiro lugar sobre algúns aspectos tratados na derradeira *Conferencia de Rectores* (CRUE), na que destacou o tratamento dos anteproxectos de decretos do ministro Wert. Realiza un breve comentario acerca do *Proyecto de Real Decreto de 5 de octubre, por el que se establece la acreditación nacional para el acceso a los cuerpos docentes universitarios* e do *Proyecto de real decreto de creación, reconocimiento y acreditación de universidades y centros universitarios*.

Comenta o reitor o tratado en relación ó *Proyecto de Real Decreto por el que se modifica el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias ordinarias* e o *Real Decreto 99/2011, de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado*. Nel, o ministerio pretende impulsar a fórmula 3+2, para que as universidades podan escoller este sistema en algunhas ou todas as súas titulacións. Deste xeito coexistirá co sistema 4+1. Isto xera confusión polo cambio do modelo cando están empezando a saír as primeiras promocións das carreiras de catro. Destaca a necesidade de reflexión sobre este tema.

Continúa o reitor informando acerca da modificación da taxa de reposición ata o 50% que, sendo unha mellora, non é a solución, polo que se seguirá a traballar para a supresión da taxa e a buscar medidas concretas que permitan estabilizar e evitar a marcha do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo. Referiuse o reitor tamén a un primeiro paso, que é a taxa de reposición dinámica, que permite que os concurso de promoción non computen taxa de reposición.

b) No segundo punto do seu informe, o reitor establece o inicio do calendario de modificación de Estatutos. Explica que a Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia obriga a que “As universidades do SUG adaptarán os seus estatutos ao disposto na presente lei nun prazo máximo de tres anos”. Transcorrido un ano dende a aprobación da Lei, parécenos que é o momento axeitado para iniciar o proceso de modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo, como paso inicial da adecuación de todos os regulamentos e normativas.

Explica o reitor as etapas básicas da proposta de calendario para a realización do proceso de modificación estatutaria, que é presentada ante o Consello de Goberno nunha proxección, e se achega a este acta.

Continúa explicando que, dado que a duración do proceso considérase aproximadamente dun ano, iniciárase a revisión dos regulamentos a medida que se achegue o final deste proceso, comezando por aqueles que requiren unha revisión máis técnica para adecuarse á lexislación. Tamén se continuará o contacto que se se está a manter cos estudantes, para ir avanzando la elaboración da nova normativa de permanencia e o regulamento de estudantes.

c) No punto seguinte do seu informe, o reitor informa da finalización do proceso electoral aos consellos de campus coa proclamación definitiva de candidatos electos nos sectores PDI e Estudantes. A composición final dos consellos de campus amósase aos membros do Consello de Goberno nunha proxección, e anéxase a presente acta. Tamén informa de que está finalizando a elaboración dos censos electorais para o proceso de elección dos membros de Consellos de Departamentos, que comezará o 27 de outubro coa publicación destes censos. O calendario deste proceso presentouse nunha proxección incorporada ó anexo a este acta.

d) En resposta ás preguntas realizadas no Consello de Goberno anterior acerca da situación das actuacións relativas a titulación propia de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado, o reitor cede a palabra á secretaria xeral, para que presente un informe relativo á situación actual deste tema.

A secretaria xeral realiza inicialmente unha contextualización do desenvolvemento temporal da titulación: Esta titulación propia de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado iníciase no curso 2005/06, e pasa a dividirse en dúas titulacións (Graduado universitario en Ciencias Policiais e Graduado universitario en Detective Privado) no curso académico 2006/07. A suspensión temporal de ambos títulos propios foi aprobada na sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2009, e por Resolución reitoral do 4 de xuño de 2012 estableceuse un calendario para a súa extinción.

A continuación a secretaria xeral realiza un resumo das reclamacións presentadas e as actuacións desenvolvidas pola Universidade: En xullo de 2013, recibíuse a primeira reclamación en relación a esta Titulación (pola cualificación recibida no PFC dunha alumna) e posteriormente presentáronse diversos escritos, recursos e denuncias realizadas por un grupo de estudantes. Ademais das respostas que, de xeito individual, se deron a estas reclamacións por parte dos servizos implicados, mediante resolución reitoral de 14 de xaneiro de 2014 nomeouse ao profesor D. Federico Vilas Martín, como instrutor dunha Información Reservada co obxecto de esclarecer os feitos, e determinar se existían indicios dunha actuación irregular que fixera necesaria un expediente posterior. O instrutor, tras analizar os antecedentes relativos ó caso e tras revisar a abundante documentación deste expediente, emite un informe o 28 de maio de 2014, do cal poden extraerse as seguintes conclusións:

1.- En relación coa reclamacións por aspectos económicos: Non se aprecian irregularidades nos procedementos de xestión económica deste curso, destacando da análise dous aspectos:

- Reclamacións debidas a cobros de taxas: todas as reclamacións foron estudadas, e desestimadas, respondéndose de xeito individual e argumentado por parte dos correspondentes servizos da Universidade.

- Ao respecto das alusións realizadas polos alumnos en canto a aplicación da subvención recibida pola Xunta de Galicia para sufragar os importes de matrícula dos alumnos das Forzas e Corpos de Seguridade, determínase que son infundadas e a aplicación da subvención foi realizada conforme ao convenio suscrito.

2.- En relación ás reclamacións polos efectos da división das titulacións: A división da titulación oficial en dúas titulacións, foi aprobado en Consello de Goberno en data 16/03/2006, a raíz dun convenio asinado coa Xunta de Galicia polo que os alumnos pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade de Galicia serían parcialmente financiados nas matrículas do Graduado Universitario en Ciencias Policiais. Os alumnos que iniciaran os estudos na titulación inicial foron debidamente informados. Cabe destacar que non houbo ningunha solicitude de continuar os estudos polo plano inicialmente establecido.

3.-En canto ás reclamacións pola obtención dun título intermedio: indica a Secretaria xeral que trátase tal vez da parte máis delicada do expediente, xa que existen 32 reclamacións a este respecto. O instrutor suxire que debería buscarse unha fórmula de título propio intermedio, sempre de rango inferior o de graduado, que permitise manter na súa denominación o “Técnico en Criminoloxía” ou equivalente, facendo constar o número de créditos cursados e superados polo alumnado.

4.- Reclamacións de carácter académico: A este respecto o instrutor indica que as queixas e irregularidades detalladas nas reclamacións dos alumnos e, especialmente por parte da alumna D^a Ana M^a Fernández Pérez, non parecen facilmente demostrables. Pero no caso de que foran debidamente probados, poderían ser susceptibles de esixencia de algún tipo de responsabilidade sobre os mesmos.

- Atendendo a esta información reservada, mediante Resolución reitoral de 21 de Xullo de 2014 acordouse declarar o arquivo destas actuacións.

- Continúa a secretaria xeral explicando que, con posterioridade, presentáronse unha serie de reclamacións de responsabilidade patrimonial (concretamente 16 alumnos). Para dar resposta a estas reclamacións nomeouse unha instrutora que leve a cabo estes expedientes (Da Ángeles Hermida) quen está analizando de xeito individual a cada unha delas e recadando a información pertinente, para poder levar a cabo a súa tramitación.

e) Finalizado este apartado, o reitor realiza unha presentación do novo organigrama organizativo que está a implantar, dando conta dos últimos nomeamentos á fronte de diferentes áreas. Fai fincapé no aumento da profesionalización na xestión destas áreas nas que aumenta o número de PAS ao fronte delas. Informa de que no ámbito académico pásanse de seis a catro áreas. A área de Grao estará dirixida por Dna. Noelia Vázquez Rivera (PAS), a de Posgrao por D. Alberto Marcos Arias Acuña (PDI), a área de Apoio á docencia e calidade, por D. Xosé María Gómez Clemente (PDI) e a área de Profesorado por Dª Elisa Isabel Pazos Iglesias (PAS).

No ámbito dependente da vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a Área Técnica de Investigación, Desenvolvemento e Innovación estará dirixida polo PAS D. Anxo Moreira González, a Área de Transferencia estará dirixida por D. José Luis Alba Castro (PDI). Da. Carmen Serra Rodríguez (PAS) foi nomeada directora da Área Técnica de Centros de Apoio á Investigación, e D. Jesús Souza Troncoso (PDI) asumiu a Dirección da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).

A vicerreitoría de Estudantes, estruturada en dúas áreas: a Área de Centro de Linguas e servizo de tradución, dirixida por Dª Esperanza Rama Martínez, nomeada cando a actual vicerreitora tomou posesión e a Área de Emprego e Emprendemento, que será dirixida por Dª Adela García-Pintos Escuder.

O reitor informa tamén do nomeamento de José Antonio Vilán como comisionado para o Vigo Tecnolóxico, co encargo específico de afondar na consolidación da área dedicada ás tecnoloxías da información e da comunicación, avanzar nas referidas aos ámbitos aeroespacial e de bioenxeñaría e desenvolver o campo relativo á investigación industrial, centrado nas emisións cero e nos procesos de fabricación.

Finaliza esta presentación o reitor, facendo relación ós nomeamentos dos directores das Áreas de Planificación dos Campus de Ourense (D. José María Faílde Garrido) e Pontevedra (D. Celso Cancela Outeda). Neste campus tamén se nomeou a D. Manuel Morquecho Barral como director da Área de Extensión Universitaria. En relación co Campus da Auga, o reitor confirmou a constitución do Comité de Dirección liderado polo propio reitor e o vicerreitor do Campus, Virxilio Rodríguez. No caso do Campus Crea, constituirase o comité de dirección cando finalice o seu traballo a comisión institucional.

f) Continúa o reitor co punto seguinte do seu informe e cede a palabra á secretaria xeral, quen realiza unha presentación dos pasos a seguir na implantación da administración electrónica. Indica a secretaria xeral que xa hai diversos procedementos iniciais que están implantados en diversas áreas e servizos (perfil do contratante, facturación electrónica, matriculación a través de internet, sinatura dixital de actas etc) que constitúen un principio. O que se pretende na actualidade en dar o pulo definitivo, tanto a nivel humano como de medios, para que a implantación da administración se faga de xeito coordinado. Para o cal se propón a actuación paralela en distintas liñas dirixidas ao mesmo obxectivo. Describe a secretaria xeral as áreas que serán desenvolvidas de xeito paralelo e detalla algúns dos procedementos que están a comezar. Explica que xa se ten contactado con algúns dos servizos, que amosaron unha actitude proactiva fronte a proposta.

g) Informa o reitor da posta en marcha dunha aplicación para móbiles e tabletas que mellorará a comunicación cos membros da comunidade universitaria. Cede novamente a palabra á secretaria xeral para que leve a cabo a presentación da mesma. Explica a Secretaria que se trata dunha aplicación

desenvolvida totalmente polos servizos informáticos da Universidade, fundamentalmente por D. Carlos Cuervo e baixo o impulso de Dna. Ángeles Hermida, que leva o nome de uviGO! e que se encontra dispoñible tanto para o sistema operativo Android como para IOS. O seu obxectivo é servir de canle de comunicación e interacción que permita achegar a administración ao usuario. Permite o envío de notificacións dende os distintos servizos da Universidade, así como que os alumnos consulten o seu expediente ou accedan á plataforma de Teledocencia. Aplicable tamén para os demais membros da comunidade, que poderán facer consultas de distinto tipo, nóminas, cursos etc. e para o resto da sociedade, xa que poderán acceder á información das actividades culturais organizadas pola Universidade. Destaca a secretaria xeral a versatilidade da App, que se actualizará e potenciará atendendo ás necesidades da comunidade universitaria. Permite a interacción nos dous sentidos, de xeito que coa instauración da Administración Electrónica, será posible a realización dos distintos trámites a través de ela (matrícula, solicitude de certificacións etc).

Intervén o director Área de Apoio á Docencia e Calidade, quen pregunta pola posibilidade de que se poda empregar para a realización das enquisas de docencia. Responde a secretaria xeral que é factible. Só hai que desenvolver o procedemento.

O profesor Rodríguez Berrocal pide a palabra para intervir. Indícalle o reitor que se trata do punto do informe do reitor, polo que deberá realizar as preguntas no apartado de rogos e preguntas.

Punto 3. Información sobre a acreditación e seguimento de titulacións.

Cede o reitor a palabra á Xosé María Gómez Clemente, director Área de Apoio á Docencia e Calidade, que fai unha exposición dos seguintes temas:

- Seguimento dos títulos oficiais. Salientou un progresivo éxito na avaliación, tanto interna coma externa, que se fai dos informes de seguimento anuais das titulacións da Universidade. Máis adiante, na quenda de preguntas despois de rematar a súa intervención, verbo deste tema engadiu que existe a posibilidade de discutir coa ACSUG a simplificación do proceso para que se converta nunha análise máis concreta dos aspectos máis importantes que atinxen ás titulacións.
- Acreditación dos títulos oficiais. O director da Área referiuse á acreditación positiva dos 4 títulos da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra e deu unha relación dos títulos que entran na convocatoria de 2014-2015 (21 títulos de 8 Facultades e Escolas).
- Certificación do SGIC dos centros. Despois da certificación de dous centros no proxecto piloto do ano 13, este ano pasaron certificación voluntaria 6 centros da Universidade. Tres deles obtiveron a certificación positiva, dous obtiveron un prazo extra de 6 meses antes de pasaren unha nova avaliación e o que queda non conseguiu a certificación. Con todo, a vicerreitoría está considerando a posibilidade de solicitar, para este último centro, tamén un novo prazo de 6 meses, xa que se considera que hai razóns técnicas que avalan o pedimento.
- VAD/Docencia. Fíxose unha distribución orzamentaria do 60% da cantidade destinada a este programa que xa foi paga. O 40% que queda vaise repartir segundo unha nova avaliación baseada nos resultados dos anos 11-12, 12-13 e 13-14 que comezará nos vindeiros días. Tamén se ha implantar o programa DOCENTIA, que xa tivo un proxecto piloto no ano 2009, xa que un sistema certificado polas Axencias para avaliación do profesorado. O novo manual está practicamente rematado, cómpren axustes na definición

dalgúns criterios e unha revisión da súa ponderación, e estará implantado no 1º trimestre do ano 15.

- Enquisas de Satisfacción /Enquisas de Avaliación Docente. Sobre as primeiras, o problema principal está na baixa participación do alumnado. É necesario explicar ben a súa utilidade e demostrar que serven para unha mellora efectiva da docencia e da xestión nos centros. Tamén cómpre mellorar o acceso ás aplicacións informáticas. Con respecto ás segundas, estase analizando a posibilidade de melloralas para os mestrados e barállase a posibilidade, sempre que sexa posible, da implantación dun acceso telemático.
- Comisión de Calidade da Universidade. Esta comisión, que aparece no programa de goberno do reitor, facilitará a necesaria coordinación entre centros e o deseño dunha política de calidade da Universidade. Nestes momentos estase a traballar nunha proposta de regulamento interno e de composición, que será enviada ao Consello de Goberno.

Ábrese unha rolda de intervencións, tomando a palabra o Prof. Álvarez Villamarín, que fai unha reflexión no senso de que parece que se está a avanzar moito administrativamente neste campo, pero é dubidoso o interese que todo o proceso ten para o centro. Ten a sensación de que os procedementos administrativos ocupan a moita xente e fanse moitos procedementos, pero que non ten transcendencia na realidade. En canto ó informe anual: da impresión de que crea o “hábito de papeis”, para obter o informe positivo. Pero se pregunta que está a facer a ACSUG con eles, estableceranse comparativas entre as distintas titulacións do SUG? Por exemplo, entre todas as titulacións de Económicas. Pregunta tamén se pódese incorporar información dos egresados a medio prazo (2-4 anos).

O director Área de Apoio á Docencia e Calidade responde que, en efecto, teme que a comunidade non sinta que é necesario facer unha reflexión anual de como se fan as cousas. Nesa liña están negociando coa ACSUG para intentar abreviar os informes. En efecto, hai que cortar esa idea de que isto non serve para nada. O obxectivo é que os informes requiran o esforzo xusto.

En canto a comparativa que suxire o profesor Álvarez Villamarín, esa idea de “compararse cos mellores, ou Benchmarking”, están pensando en implantalo en Alemaña. Non está aínda implantado na universidade Española, polo que sería boa idea que Vigo o poidese liderar.

O profesor Álvarez Villamarín indica xa fai tempo que a ACSUG dixo que isto era interesante pero non se fixo nada, tal vez sexa importante sentirse “presionado” para a que se estableza a comparación.

Responde D. Xosé María Gómez Clemente, que pode levarse a cabo unha comparación interna á Universidade.

Indica o profesor Carlos Villamarín que as enquisas están caendo. Estima que o problema pode estar no cambio do sistema de realización, da inicial mediante bolseiros ao paso a unha empresa, sistema que é peor na súa opinión.

Responde D. Xosé María Gómez Clemente indicando que cando se realiza a planificación xa a participación é dun 60%, e baixa despois. Indica que o método anterior baseado en bolseiros era ilegal e insostible.

Intervén un profesor para indicar que debería considerarse un número mínimo de respostas que garanta a analizabilidade dos resultados, ou buscar outro procedemento.

O director da Área de Apoio á Docencia e Calidade responde que melloraranse os cuestionarios e realizarase unha campaña para a explicación da súa importancia.

Toma a palabra a profesora dona Edita de Lorenzo, quen felicita ao reitor por incluír este punto 3 na orde do día, xa que para os centros este é unha área moi importante; é necesario que volva en outras ocasións este tema. A garantía da calidade supón un importante esforzo para os centros. Suxire que debe haber cambios nos números das taxas, para que sexan comparables entre Centros. Indica tamén que debe axudarse aos centros para que a parte técnica a realicen persoas formadas, e non os equipos directivos, que deben centrarse en corrixir os problemas detectados. Opina que é bo que sexan informes anuais, pero que deben simplificarse. Deben verse como algo da Universidade, a chuvia cae de arriba a baixo.

O reitor agradece as participacións e coincide en que se trata dun punto relevante, porque o futuro dos títulos é o futuro dos centros, baséase en lograr altas cotas de calidade e iso é, polo tanto, o futuro da universidade. Coincide tamén na necesidade dunha axeitada formación e profesionalización para facelo.

Intervén o representante de alumnos Sr. Brais Fernández, quen transmite a opinión de que os alumnos no perciben a repercusión dos resultados das enquisas, de ser así, tal vez aumentaría a participación. Recoñece o reitor que, sendo certo, isto xa mudou bastante, xa que comezaron a terse en conta na concesión dos quinquenios. Pero quere destacar que agora a importancia destas enquisas xa non xira entorno do que lle pasa ao profesor, senón en que é fundamental para a acreditación da calidade dos títulos, o que é moi importante, aínda que non é un efecto inmediato, polo tanto compre explicalo.

Intervén o representante sindical D. Bienvenido Díez Ferrer, quen lembra que este tema xa fora tratado na mesa de PDI e acordárase que aos 3 anos reuniríase unha comisión para valorar cal era a causa das enquisas suspensas. Este método non se implementou. É interesante que se realicen cambios, tanto para o profesor, como para a titulación, como para o alumno.

Punto 4. Aprobación, se procede, do informe favorable para a tramitación de propostas de modificación de titulacións de grao para o curso 15/16.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen fai unha presentación deste punto, e dos dous seguintes, indicando que se trata da continuación dun proceso iniciado en Consellos de Goberno anteriores. Nestes puntos preséntanse as memorias de Grao, Máster e Doutoramento, desglosadas.

Inicia a explicación das modificacións introducidas nas Memorias de Grao, segundo unha táboa que se achega como **Anexo I** a esta acta.

Indica que todas estas modificacións foron analizadas pola COAP, e todas recibiron informe favorable. Como pode verse nesa táboa, todos os graos realizan correccións de erros materiais e tipográficos así como pequenas adecuacións da memoria aos requisitos do formulario web do Ministerio de Educación e Deporte para a verificación/modificación de títulos. Nalgún caso, como no grao de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, realizan unha variación da optatividade pasando de 9 a 6 créditos, e desaparecen materias multiárea. No caso do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, realizan unha redución do límite de prazas de novo ingreso e introducen cambios na optatividade para introducir materias de mobilidade. No Grao de Enxeñaría Informática realízase o Recoñecemento das actuais mencións do grao na expedición dos títulos de acordo co establecido no Real Decreto 861/2010, así como unha modificación e actualización das actividades formativas, cuatrimestres, procedementos de avaliación e/ou competencias en varias materias. No caso dos graos de Ciencias ambientais, Enxeñaría

agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, a modificación aprobada ten a finalidade de que compartan materias os dous primeiros cursos para así acadar o mínimo de estudantes esixido pola Xunta.

A maiores, e fóra da táboa, explica que se detectaron dúas erratas na memoria do grao en Educación Infantil que son:

- No itinerario do curso de adaptación para estudantes que teñan o título de mestre en educación primaria recóllese que deberán facer 48 ECTS pero no listado figuran 54 ECTS (9 materias de 6 ECTS). A materia Matemáticas para mestres: educación infantil non debería estar na lista (non figura no plan de estudos publicado).

- No itinerario do curso de adaptación para estudantes que teñan o título de mestre en educación especial recóllese que deberán facer 54 ECTS pero no listado figuran 60 ECTS (10 materias de 6 ECTS). A materia Educación física e a súa didáctica na idade infantil non debería estar no listado (non figura no plan de estudos publicado).

Consultada a ACSUG sobre a posibilidade de facer unha corrección de erros na memoria, indicásenos que é preciso iniciar un proceso de modificación para estes puntos concretos, que se realizará por un proceso abreviado. A este fin, deberá solicitarse á Consellería de Educación o envío desta modificación.

Pregunta dunha alumna, acerca deste proceso de cambios. Responde dona Ana Graña que se trata dun proceso abreviado para introducir modificacións, realmente é unha corrección de erros.

Intervén o representante de estudantes, o Sr. Santiago Pato, para indicar que poderían cambiarse os créditos destes itinerarios. Responde a vicerreitora indicando que ese problema debe formularse desde os centros. O que se trata aquí é unha corrección de erros.

Apróbase por asentimento o informe favorable para a tramitación das propostas de modificación de titulacións de grao para o curso 15/16.

Punto 5. Aprobación, se procede, do informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 15/16.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen presenta a propostas de máster seguindo a táboa que se achega con esta acta (**Anexo II**). Indica que dous desistiron de formular modificacións, os máster en Finanzas e o de Comercio Internacional, tendo os demais o informe favorable dos centros e da Comisión de Posgrao.

A vicerreitora realiza a exposición das modificacións relativas aos distintos másteres, nas que ademais de corrección de erros materias e tipográficos, se realizan reaxustes como no Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais, no que se realiza a reorganización da distribución dos créditos ECTS no plano de estudos, ou a reorganización do Módulo IV (Practicum). Tamén se propón a desvinculación coa formación de Auditoría de Sistemas de Prevención nas Empresas . No Máster Universitario en Enxeñaría Informática realízanse varios cambios como un reaxuste nos itinerarios do 2º curso, incorpórase a posibilidade de recoñecemento das prácticas extracurriculares. Realizan o cambio de denominación dunha materia. Tamén se corrixen erros na asignación de competencias ás materias e se adecúa a carga da presencialidade dos créditos, correccións que tamén se realizaron na memoria do Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa. Neste título tamén se modificou a distribución de créditos no módulo IV, co obxecto de poder establecer recoñecemento por experiencia laboral ou profesional, incorporouse o galego como lingua de impartición e actualizáronse contidos de determinadas materias.

No procedemento Verifica a memoria de Máster Universitario en Investigación Aplicada á Industria, que procede da transformación do título de Máster en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria, que se concibiú inicialmente como período de formación do programa de doutoramento do mesmo nome regulado polo RD1393/2007. Co cambio da normativa do doutoramento o máster perde esta función, polo que é necesaria a modificación do título para adecualo aos requirimentos establecidos no Decreto da Consellaría de educación 222/2011 do 2 de decembro que establece no artigo 6 un mínimo de 20 alumnos para poder ofertarse.

Igual transformación experimenta o Máster Universitario en Xeoinformática. Que pasa a ser interuniversitario (Uvigo-UDC), aproveitando colaboracións previas mantidas entre as áreas participantes, a raíz de proxectos de investigación comúns.

O Máster Universitario en Auditoría e Contabilidade, é en realidade novo pero procede dun Título propio da Universidade de Vigo e xurde do cambio normativa do “Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas (ICAC)”. A resolución de 12 de xuño de 2014, require a transformación dos títulos programas de formación teórica de auditores, pasando de propios a oficiais e con validez en todo o territorio nacional a partir do 30 de xuño de 2014.

Presenta a vicerreitora un grupo de tres másteres que realizan modificacións nas universidades participantes: O Máster Universitario en Enxeñaría Térmica, que deixa de ser conxunto coa Universidade de Burgos, participando unicamente a Universidade de Vigo e a Universidade do País Vasco. O Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde incorpora a UDC, polo que se transforma en interuniversitario Uvigo-UDC. O Máster Universitario en Oceanografía, que supón a fusión dos máster da Uvigo Oceanografía e Ciencias do Clima: meteoroloxía, oceanografía física e mudanza climática, transfórmase en interuniversitario coa participación da Universidade de Vigo, Las Palmas de Gran Canaria e Cádiz.

Apróbase por asentimento o informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 15/16

Punto 6. Aprobación, se procede, do informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 15/16.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que se trata do mesmo procedemento anterior. Inicialmente había catro solicitudes, pero a titulación “Ciencias Mariñas: Tecnoloxía e Xestión, en sistemas Software Intelixentes Adaptables” desistiu da súa solicitude. Os tres restantes foron examinados pola comisión EIDO e recibiron informe favorable.

A vicerreitora comenta brevemente os cambios destes títulos. Con respecto do Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica realízase unha modificación dos requisitos de acceso e admisión, así como se realiza unha actualización nos recursos humanos. O Doutoramento en Modelización Ambiental e Mineira é un título novo, correspondente ao ámbito tecnolóxico, e o Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable, título novo en Vigo, no que esta Universidade se incorpora a un programa existente na UDC.

Apróbase por unanimidade o informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 15/16.

Punto 7. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que é a primeira vez que se presenta no Consello de Goberno a oferta pública de emprego do PDI, isto obedece a unha modificación normativa que obriga a que as universidades teñan que facer pública a súa oferta de prazas. No caso da Uvigo, a taxa de reposición fixa o número de prazas en 2.

Na negociación levada a cabo na Mesa de Negociación sindical, decidiuse que foran as dúas prazas de Titular de Universidade.

A proposta é ofertar esas dúas prazas. No próximo Consello de Goberno tratarase o criterio de selección de áreas, unha vez xa negociado na Mesa do PDI.

Apróbase por asentimento a oferta de dúas prazas de Titular de Universidade.

Punto 8. Aprobación, se procede, do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo.

Cede o reitor a palabra ao director da Escola Internacional de Doutoramento, D. Antonio García Pino.

Comeza a súa exposición, lembrando que, por acordo deste Consello de Goberno en data 29 de outubro de 2013, se aprobouse un regulamento de réxime interno para a Escola Internacional de Doutoramento da Uvigo.

O Regulamento provisional permitiu dispor inmediatamente dos órganos colexiados para o inicio da actividade da Escola: o Comité de Dirección, que se ten reunido en dúas ocasións, e a súa Comisión Permanente, con reunións cada mes. O regulamento provisional estableceu un prazo dun ano para elaborar un regulamento de réxime interno, xa definitivo, que debía someterse á aprobación do Consello de Goberno. Para cumprir con este mandato o procedemento seguido foi o seguinte:

Solicitouse primeiro aos membros da Comisión Permanente que, tomando como base o regulamento provisional, fixeran suxestións dos puntos que debían modificarse ou ampliarse cara ao regulamento definitivo. Tras un tempo de maduración das actividades da EIDO, o equipo de dirección elaborou un primeiro borrador do regulamento que distribuíu aos membros da permanente, e que foi discutido na súa sesión de xullo.

Tras o debate distribuíuse a finais de xullo un borrador a todos os membros do Comité de Dirección, establecendo o prazo do 12 de setembro para presentar comentarios ou alegacións. O texto coas alegacións e comentarios foi discutido na Comisión Permanente do día 25 de setembro de 2014 e se elaborou unha proposta para ser sometida ao Comité de Dirección, como é preceptivo. Os membros do Comité de dirección recibiron a proposta previamente a súa sesión do pasado 8 de outubro e tiveron oportunidade de enviar novas alegacións.

Presentáronse algunhas alegacións puntuais que foron discutidas, obtendo finalmente un texto definitivo que se someteu á aprobación polo Comité. O texto final foi aprobado por asentimento para ser elevado a este Consello de Goberno. O texto foi revisado pola asesoría xurídica da universidade, estando pendente da revisión lingüística final.

O novo regulamento é unha evolución de regulamento provisional, no que se incorporan algunhas novidades. As máis salientables son:

- Complétanse algúns dos fins da Escola.
- Establece a singularidade dos estudos de doutoramento ligados ao Campus de Excelencia Internacional Do Mar.
- Deixase aberta a posibilidade de que a EIDO poda ampliar o seu equipo de dirección se fose necesario, aínda que a composición básica é a Dirección e secretaría Académica.
- Tamén ábrese a posibilidade de que se establezan outras Comisións delegadas do Comité de dirección para temas específicos se o propio comité o estimase adecuado.
- Regúlase a participación das entidades colaboradoras no Comité de dirección.
- Regúlase o desenvolvemento das sesións do Comité de Dirección.
- Regúlase e clarifícase o procedemento de elección dos membros do Comité de Dirección e da Comisión Permanente.

Apróbase por asentimento o Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (**Anexo III**).

Punto 9. Aprobación se procede de modificación puntual do Plan de Internacionalización Lingüística.

Cede o reitor a palabra vicerreitor de Extensión Universitaria de Relacións Internacionais, quen explica que o Plan de Internacionalización lingüística da Uvigo ten como obxectivos principais incrementar o número de estudantes estranxeiros recibidos na nosa universidade mediante a potenciación do plurilingüismo; promover o coñecemento e uso de idiomas por parte da comunidade universitaria; incrementar o número de materias impartidas noutras linguas; e mellorar a oferta de información plurilingüe da Universidade de Vigo.

A Comisión de Internacionalización Lingüística da Universidade de Vigo ten a tarefa de promover a posta en práctica das accións desenvolvidas no plan e facer un seguimento continuado da súa evolución, así como da súa contribución á consecución dos obxectivos estratéxicos do plan.

Propón que a Comisión de Internacionalización Lingüística estea composta por:

- O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en internacionalización lingüística, que actuará como presidente ou presidenta.
- Os vicerreitores e vicerreitoras con competencias en relacións internacionais e organización académica, ou persoas en quen deleguen, cando estas competencias non recaian na vicerreitoría con competencias en internacionalización lingüística.
- O director ou directora da Área de Linguas da Universidade de Vigo, que actuará como secretario ou secretaria.
- Cinco membros do profesorado, que representen na medida do posible todos os ámbitos científicos e campus, e garantan a presenza de profesorado ou persoal investigador non pertencentes ao sector de profesorado funcionario doutor.
- Dous ou dúas estudantes.
- Un membro do persoal de administración e servizos.

Apróbase por asentimento a proposta de composición da Comisión de Internacionalización Lingüística.

Punto 10. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por D. Jose Óscar Rubiños López e outros contra o procedemento de elaboración do POD do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns.

Cede o reitor a palabra 3 secretaria xeral, quen introduce o recurso explicando que na sesi3n extraordinaria do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns do 27 de marzo de 2014 o punto da orde do d3a foi “Aprobaci3n, se procede, do novo procedemento de elaboraci3n do POD”. O resultado da votaci3n foi de 13 SI, 13 NON e 1 ABSTENCI3N. O director do Departamento fixo uso do voto de calidade, co que se aprobou o acordo.

O d3a 25 de abril D. Jos3 Oscar Rubiños L3pez e varios profesores do departamento interpuxeron recurso dealzada contra o procedemento de elaboraci3n do POD do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns, as3 como contra o proceso de aprobaci3n do mesmo. O 7 de xullo o director de departamento de teor3a do sinal, D. Jos3 Luis Alba Castro, emite informe.

En relaci3n con este asunto, a Secretar3a Xeral solicita un informe 3 Asesor3a Xur3dica, cuxas conclusi3ns son as que se presentan para seren aprobadas. Toda a documentaci3n obra en poder dos membros do CG. Explica a secretaria xeral que os recorrentes solicitan a anulaci3n do procedemento de elaboraci3n do POD, alegando en primeiro lugar que o procedemento seguido para aprobar os criterios de elaboraci3n do POD vulnera o disposto na lei 30/1992 de R3xime Xur3dico das Administraci3ns P3blicas e do Procedemento Administrativo Com3n. Aluden a unha serie de irregularidades que poder3an afectar 3 convocatoria, ao debate de puntos non incluídos na orde do d3a, 3 informaci3n facilitada e a falta dun per3odo de emendas, 3 quenda de palabras, ao qu3rum no momento da votaci3n, as3 como ao feito de que non se permitiu a votaci3n das demais propostas presentadas.

Explica a secretaria xeral os argumentos ofrecidos no informe da Asesor3a Xur3dica para concluír que, pese 3s incidencias existentes na sesi3n extraordinaria do Consello de Departamento, non se incorre en causa de nulidade ou anulabilidade, salvo que nas deliberaci3ns (votaci3ns parciais) non estiveran presentes o n3mero de membros m3nimo esixido, porque en dito caso ser3a nulo de pleno dereito. Polo tanto o procedemento de aprobaci3n ser3a v3lido.

Contin3a a exposici3n da SX resumindo o informe da Asesor3a Xur3dica, no que explica que o Departamento, na elaboraci3n do POD, deber3 atender preferentemente o criterio de “especializaci3n docente” segundo o artigo 96 da lei do Sistema Universitario de Galicia. E que compete ao Consello de Departamento acordar que se entende por “especializaci3n docente” e por “aplicaci3n preferente”, as3 como adoptar os demais criterios necesarios para elaborar o POD.

No procedemento aplicado no departamento, na primeira rolda os profesores deber3n seleccionar docencia entre as materias que xa ti3nan asignadas durante o curso anterior, na segunda rolda c3brense as materias ou docencia que non est3n asignadas e se recollen uns criterios adicionais para a resoluci3n de conflitos nos que figuran: o “historial docente”, “Criterio de categor3a e antig3idade”, “Resultados acad3micos das materias previamente impartidas”, e a “Avaliaci3n individual do profesor”.

Polo tanto, a Asesor3a Xur3dica no seu informe concl3e que non se cumpre o criterio legal recollido no artigo 96 da Lei do Sistema Universitario de Galicia, que prev3 que na elecci3n das materias atenderase preferentemente a especializaci3n docente. Polo tanto, prop3n que se estime parcialmente o recurso, e que se acorde retrotraer o procedemento ao d3a 27 de marzo de 2014, data na que se acordaron os criterios de elaboraci3n do POD por parte do Departamento.

E esta 3 a proposta que presenta a secretaria xeral, que se re3na o Consello de Departamento de Teoría do Sinal para acordar novos criterios de elaboraci3n do POD de acordo coa normativa. Para evitar trastornos

graves no desenvolvemento da docencia, propónse que mentres ese Consello teña lugar se manteña de xeito temporal o POD actual en vigor.

Ábrese unha rolda de intervencións, na que o representante sindical D. José Bienvenido Díez expón que esa consideración formúlase en todas as comisións, a definición da especialización docente. E propón que por parte do equipo de goberno se especifique nunha normativa de POD.

A Secretaría Xeral responde que, en efecto, a Lei do Sistema Universitario de Galicia non define o termo de especialización docente e aínda non hai doutrina xurídica que poda orientar estas decisións. A vicerreitora indica que é un tema moi complexo e que os distintos departamentos desenvolven criterios moi distintos. Antes de dar un paso así hai que ter moi claro se queremos realmente homoxeneizalos.

Intervén dona Edita de Lorenzo, quen di que é a primeira vez que o informe da Asesoría Xurídica é tan claro. E menciona que a convocatoria de Consello de Goberno non chegou aos membros da comunidade que non son membros deste Consello e, polo tanto, os membros dese departamento non sabían que se ía tratar ese tema. Pregunta se hai un cambio no modo de comunicación, se non se invita a asistir aos implicados nun tema.

Explica a secretaria xeral que o método de comunicación segue a ser o mesmo: comunícase a convocatoria de Consello de Goberno á comunidade universitaria a través das listas de Avisos e Comunidade. E neste caso se fixo así, ou cando menos non lle comunicaron que non se fixera. So se invita á membros da comunidade que non forman parte do Consello de Goberno cando o solicitan. Ou no caso de conflito entre dúas partes, se unha delas solicita estar presente, invítase de oficio á outra. Neste caso non houbo solicitudes.

Outros membros do Consello de Goberno confirman que, en efecto, non se recibiu a convocatoria, excepto a compoñentes do Consello.

Tras un intercambio de opinións, intervén o reitor e acórdase adiar a toma de decisión con respecto deste punto para o seguinte Consello de Goberno. Do mesmo xeito, acórdase adiar o punto seguinte.

Punto 11. Toma en consideración , se procede, do recurso presentado por Dña. Ana María Pita Grandal e outros contra do Acordo do Consello de Goberno do día 4 de xullo de 2014, polo que se modifica o art. 4 da Normativa de simultaneidade dos estudos ADE-Dereito. Toma en consideración, se procede, do recurso potestativo de reposición contra a inadmisión do recurso extraordinario de revisión do profesor D. Roberto Pereira Moreira.

Adiado ata o próximo Consello de Goberno ao non ter recibido a convocatoria os implicados que non son membros do Consello de Goberno.

Punto 12. Toma en consideración, se procede, do recurso potestativo de reposición contra a inadmisión do recurso extraordinario de revisión do profesor D. Roberto Pereira Moreira.

Explica o reitor que este tema xa foi tratado no anterior Consello de Goberno, pero que debe corrixirse un defecto de forma, polo que se trae de novo. Cede a palabra á secretaria xeral para a súa presentación. Explica que no Consello de Goberno do 4 de xullo tratáronse os diversos recursos presentados polo profesor Pereira Moreira, tal como consta na acta de dita sesión. E naquela sesión aprobouse por asentimento a inadmisión a trámite dos recursos extraordinarios de revisión que o prof. Roberto Pereira Moreira presentou contra o POD do Depto. de Fundamentos de Análise Económica e Historia e

Institucións Económicas, do curso 2013-2014. Indica a SX que tamén nesa sesión tratouse o recurso potestativo de reposición presentado por este profesor en contra da inadmisión do recurso extraordinario de revisión, e acordouse que cumpría a súa desestimación.

Dado que o mencionado recurso non constaba de xeito específico na orde do día da convocatoria, non foi posible recollelo nos acordos, e faise necesario tratalo de novo neste Consello de Goberno. E esa é a proposta que se confirme a desestimación do recurso potestativo de reposición presentado por D. Roberto Pereira.

Apróbase por asentimento

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Interuniversitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Xeoinformática – Convenio de colaboración entre a *Universidad del País Vasco* e a Universidade de Vigo para a implantación do título de *Máster Interuniversitario en Ingeniería Térmica* – Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de Alumnos/as do Curso de Especialización en Investigación e Desenvolvemento en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física (Código EDC8) – Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de Alumnos/as do Curso de Especialización en Investigación e Desenvolvemento en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física (Código EDC8) – Convenio marco de colaboración entre a *Universidad de Costa Rica* e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Azuay* (Ecuador) – Convenio de colaboración entre o *Instituto Federal Fluminense* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Kristiania University College* (Noruega) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Fundação Universidade do Estado de Santa Catarina* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Fundação Universidade do Estado de Santa Catarina* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *National Institute Ofimmunology* (India) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *National Institute Ofimmunology* (India) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de México* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de México* para o intercambio de estudantes – Convenio xeral de cooperación científico, tecnolóxico e académico entre o *Centro de Investigación y de Estudios Avanzados del Instituto Politécnico Nacional* (México) e a Universidade de Vigo – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de México* de cooperación científica e tecnolóxica e para o desenvolvemento do parque de innovación tecnolóxica – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Simón Bolívar* (Venezuela) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Simón Bolívar* (Venezuela) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle Laguna* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle Laguna* (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Puerto Rico* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de Asunción* (Paraguay) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Nanjing Institute of Geology and Palaeontology, Chinese Academy of Sciences* (China) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Nanjing Institute of Geology and Palaeontology, Chinese Academy of Sciences* (China).

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen explica que non hai consideracións especiais a realizar con respecto dos convenios, a excepción dunha corrección de erros:

Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Simón Bolívar* (Venezuela) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Simón Bolívar* (Venezuela) para o intercambio de estudantes.

En ambos casos figura Venezuela como país, cando en realidade é unha universidade de Colombia.

Apróbanse por asentimento.

Punto 14. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen indica que presentouse una única candidatura:

- D. José Manuel García Vázquez

Polo tanto, non é preciso celebrar eleccións, sendo nomeado representante do PDI no Consello Social don José Manuel García Vázquez.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.

- Sector Estudiantes: 1 vacante

Indica a secretaria xeral que non se presentaron candidaturas, polo que queda vacante á representación do sector estudantes na Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Punto 16. Elección de representantes nas comisións delegadas de Consello de Goberno:

- Investigación: 1 PAS

Intervén a secretaria xeral, quen indica que se presentou una única candidatura:

- D. Luís Pérez Gómez

Dado que soamente hai unha candidatura, non é preciso celebrar eleccións, polo que D. Luís Pérez Gómez, pasa a ser o representante do PAS na Comisión de Investigación.

Punto 17. Rogos e preguntas.

Solicitan intervir neste punto:

- Sr Rodríguez Berrocal
- Sr. Cebro Rodríguez
- Sr. Pato Rodríguez

Intervén o Profesor Rodríguez Berrocal para dicirlle ao reitor que non lle volva a faltar ao respecto. Lémbrale que ten dereito a participar en calquera punto do orde do día, e cita o artigo 12.3 do regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.

Responde o reitor que non era a súa intención faltarlle ao respecto, pero sendo o punto do informe do reitor non se poden formular outros temas, que para iso está o punto de Rogos e Preguntas.

O Sr. Rodríguez Berrocal indica que non podía saber de que ía falar, xa que non llo permitiu. E que estaba no seu dereito de pedir aclaracións ao informe. E considera que iso é unha falta de respecto. Quería preguntar naquel momento do informe acerca dos edificios do Berbés da Universidade de Vigo, pero agora non o quere saber. Debería telo escoitado anteriormente.

Solicita desculpas o reitor, reiterando que en ningún momento quería terlle faltado ao respecto e que está presente para atender as inxerencias de todos os membros da comunidade universitaria.

Cédelle a palabra ao Sr. Xan Cebro, quen expón que dende a Xunta de Persoal tense presentado un recurso relativo ao complemento específico dos niveis 16 e 20, e solicita que estas reclamacións dos compañeiros sexan tidas en conta antes de dar paso ás reclamacións xudiciais. Considera que o importe económico é asumible, e debería evitarse a xudicialización. Indica que no proceso negociador, a oferta realizada por xerencia é inaceptable. Tamén pregunta pola negociación da RPT.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que a proposta realizada pola Xerencia pretendía ser equitativa a todo o PAS, tanto laboral como funcionario, con actualización do devandito complemento específico dende novembro de 2013, sendo os representantes dos traballadores na Xunta PAS os que non aceptaron, xa que pretendían unha retroactividade de catro anos para funcionarios.

Como queira que esa retroactividade sería imposible de aplicar ao PAS laboral, e como hai dúbidas razoables a respecto da viabilidade legal dese incremento no complemento específico, entendemos que non se pode ir máis alá da proposta formulada pola Xerencia.

Con respecto á negociación da RPT, o xerente informa de que se estaba a negociar unha modificación puntual e que ao rematar a mesma comezaría a negociación dunha RPT global.

O Sr. Cebro manifesta o seu desexo de comezar con bo pé as negociacións.

Intervén o representante dos estudantes, o Sr. Santiago Pato, que tiña unha pregunta para a vicerreitora de Estudantes, en función dunha xuntanza mantida. Con respecto da Normativa de permanencia, dous casos que se presentan en Ciencias da Educación: os alumnos do Grao de Educación Infantil con recoñecemento de créditos de FP, e os que queren matricularse de unha materia a maiores.

O profesor D. Pedro González pregunta pola petición do profesorado asociado de avaliación retroactiva dos méritos de produción de investigación e transferencia dos anos 2011 e 2012. Responde a vicerreitora de Investigación e Transferencia que no seu momento a consulta sobre este asunto foi formulada dende a dirección de varios departamentos; tratouse en Comisión de Investigación e se lle respondeu aos departamentos, entendendo que eles transmitirían a resposta ao profesorado asociado interesado. A Comisión de Investigación considerou que non era posible estimar a solicitude por ser contraria ao expresado explicitamente nos criterios de avaliación aprobados en Consello de Goberno. A vicerreitora indica que se recibiu moi recentemente na Vicerreitoría un escrito da Asociación de Profesores Asociados, formulando o mesmo, e que se lle responderá no mesmo sentido.

Intervén o representante dos estudantes, o Sr. Brais Fernández, presentando o rogo de que se solucione o problema da wifi. Tamén transmite a petición de Dereito e Sociais, polo peche da marquesiña. Xa se solicitou ao Concello pero tamén pide que o faga a Universidade. Pregunta tamén cando comezará a modificación da normativa de permanencia.

Responde o reitor que a modificación desta normativa levarase en paralelo coa modificación dos Estatutos. Irase avanzando na discusión dos borradores cos alumnos, ao mesmo tempo que se leva a cabo a negociación dos Estatutos.

Intervén o vicerreitor de Planificación para aclarar que está en marcha o proceso de licitación para renovar o servizo wifi, confía que estea resolto en 2 ou 3 meses. Polo que fai ao peche da marquesiña, o departamento de obras e infraestruturas xa está traballado para solucionalo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:50 h do día 14 de outubro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

Gloria M. Pena Uris